

Alberte Pagán, Premio da Crítica de Galicia 2016



Foto: Ángel Rueda

O xurado da modalidade de Cine e Artes Audiovisuais, que se outorgaba por vez primeira, formado por Manuel González Álvarez, profesor; Beli Martínez, profesora UDV; Ramiro Ledo Cordeiro, presidente de NUMAX; Daniel Domínguez, guionista; Suso Novas, programador cultural; Iria Sobrado, actriz e Antón Sobral, que actuou como secretario, en representación da Fundación Premios da Crítica Galicia, acordou entre as propostas presentadas declarar finalistas a **Alberte Pagán, Play Doc** de Tui e **(S8) Mostra de cine periférico** da Coruña. Tras as derradeiras deliberacións, acordou outorgar por unanimidade o premio a Alberte Pagán.

O xurado salientou de Alberte Pagán “a súa condición de cineasta total, así como a integridade e coherencia no seu traballo tanto intelectual como artístico. A súa faceta como investigador, docente, programador, ensaísta, poeta, tradutor, novelista, activista cultural, pero basicamente pola alta calidade cinematográfica da súa obra, abrindo camiños poucos transitados polas cinematografías de calquera país”.

(19 novembro 2016)

Viva o cinema anticapitalista.

Beli Martínez (19 de Novembro de 2016)

Viva o cine que non é mercancía senón liberación da alma, viva a escritura sobre o outro cine, e viva Alberte que fai a foto do premio diante dos contenedores na silla da esperanza, desprendendo luz do seu cerebro infinito. Para cagarse de amor. E viva os viños que tomou a autora da foto para recoller tan fantástico documento!

Xisela Franco (20 de Novembro de 2016)